

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

22246 *ORDE APA/3389/2003, do 28 de novembro, pola que se adapta á normativa comunitaria o Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola.* («BOE» 291, do 5-12-2003.)

O Regulamento (CE) 1493/1999, do 17 de maio, do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, recolle no seu título II as normas básicas relativas ó potencial de produción vitícola, as cales se encontran desenvolvidas polo Regulamento (CE) 1227/2000 da Comisión, do 31 de maio, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1493/1999, no relativo ó potencial de produción, que o modifica.

O Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, recolle a aplicación a nivel nacional dos regulamentos citados no que se refire ó dito potencial, sendo modificado polo Real decreto 373/2003, do 28 de marzo, de medidas urxentes no sector vitivinícola.

O Regulamento (CE) 1841/2003, da Comisión, do 17 de outubro, que modifica o Regulamento (CE) 1227/2000, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1493/1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo ó potencial de produción, ampliou o período de que dispón o viticultor para adquirir dereitos de replantación para acollerse á regularización de superficies irregulares. O Regulamento (CE) 1203/2003, da Comisión, do 4 de xullo, que modifica o Regulamento (CE) 1227/2000, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1493/1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo ó potencial de produción, ampliou o prazo para a resolución das solicitudes de regularización ata o 31 de xullo de 2004.

Por outro lado, o Regulamento (CE) 315/2003, da Comisión, do 19 de febreiro, que modifica o Regulamento (CE) 1227/2000, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1493/1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo ó potencial de produción, especifica que as medidas de reestruturación e reconversión de viñedo que recibisen un anticipo, teñen a obriga de executar a medida considerada antes do final da segunda campaña seguinte á concesión do anticipo.

Así pois, faise necesario modifica-lo Real decreto 1472/2000 para adapta-las normas nacionais ós cambios introducidos pola normativa comunitaria, polo que, facendo uso da súa disposición derradeira primeira, segundo a redacción dada polo Real decreto 373/2003, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para o desenvolvemento deste real decreto, así como para a súa adaptación ás modificacións introducidas pola normativa comunitaria, díc-tase esta orde.

As comunidades autónomas e os sectores afectados foron consultados na elaboración desta orde.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1472/2000.*

O Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda modificado como segue:

1. A alínea b) do punto 2 do artigo 11 queda redactada do seguinte modo:

«b) Cando o produtor achegue dereitos de replantación obtidos antes do 30 de abril de 2004. Neste caso o titular da parcela deberá achegar dereitos de replantación que cubran a superficie que se trate de regularizar incrementada nun 50 por cento.»

2. O punto 2 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«2. O prazo de presentación de solicitudes de regularización finalizará o 30 de abril de 2004, e a data límite para a resolución será o 31 de xullo de 2004.»

3. O punto 4 do artigo 26 queda redactado do modo seguinte.

«4. Poderanse conceder anticipos cando se cumpran os requisitos establecidos no punto 2 do artigo 15 bis do Regulamento (CE) n.º 1227/2000.

Os participantes nos plans poderán solicitar anticipos cando cumpran as seguintes condicións:

a) Cando comezasen a execución da medida específica. Para estes efectos, considérase que comezou esta execución cando se realízase o arrinque da plantación ou se achegue factura de compra da planta, ou se demostre ou verifique de maneira que faga fe calquera outra operación de carácter irreversible.

b) Cando constituísen unha garantía por un importe igual ó 120 por cento do anticipo da axuda.

Cando se concedan anticipos, será obrigatorio executar a medida antes de que finalice a segunda campaña seguinte á concesión do anticipo. Os prazos para renunciar ós anticipos establecidos nos parágrafos cuarto e quinto do punto 2 do artigo 15 bis do Regulamento (CE) n.º 1227/2000 serán de 12 meses a partir do día seguinte ó da percepción do anticipo.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta disposición díc-tase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de novembro de 2003.

ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

22599 *REAL DECRETO 1537/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral.* («BOE» 295, do 10-12-2003.)

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, faculta o Goberno no seu artigo 14 para establecer regulamentariamente os requisitos

mínimos necesarios para impartir-las ensinanzas con garantía de calidade.

Así mesmo, a citada lei orgánica condiciona a apertura e funcionamento dos centros docentes privados á previa autorización administrativa concedida unha vez cumpridos os requisitos mínimos que, de acordo co artigo 14 da citada lei, establece regulamentariamente o Goberno.

O Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño, deu cumprimento ó mandato legal establecendo os requisitos mínimos necesarios para impartir-las ensinanzas de réxime xeral establecidas na Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

A promulgación da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e particularmente os principios de calidade do sistema educativo recollidos nela, fai necesaria unha revisión dos requisitos establecidos no citado real decreto e a súa adecuación ás modificacións introducidas na nova ordenación do sistema educativo.

Esta disposición ten por obxecto o establecemento dos citados requisitos mínimos que garantan a calidade na impartición das ensinanzas de réxime xeral e permitan a flexibilidade necesaria para adecuar-la estrutura e a organización dos centros ás necesidades sociais.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o Consello Xeral de Formación Profesional, e emitiu informe o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. *Requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral.*

Os centros docentes que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral deberán reunir-las requisitos mínimos de titulación académica do profesorado, relación numérica alumno-profesor, instalacións docentes e deportivas e número de postos escolares que se establece neste real decreto.

Artigo 2. *Autorización de apertura e de funcionamento dos centros docentes privados.*

1. A autorización de apertura e de funcionamento dos centros docentes privados concederáse logo de constatación do cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto.

2. En ningún caso o número de unidades en funcionamento nos distintos centros poderá exceder do número de unidades que cada un teña autorizadas.

3. O incumprimento dos requisitos mínimos por un centro docente privado determinará, logo de instrución do correspondente expediente que garantirá a audiencia ó titular do centro e a concesión dun prazo para a reparación de deficiencias, e mediante resolución motivada, a revogación da autorización de apertura e funcionamento daquel.

Artigo 3. *Denominación xenérica dos centros.*

1. A denominación xenérica dos centros públicos será a de escola infantil, colexio de educación primaria e instituto de educación secundaria, segundo impartan, respectivamente, educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria, bacharelato e/ou formación profesional.

2. A denominación xenérica dos centros privados será a de centro de educación infantil, centro de educación primaria e centro de educación secundaria, segundo impartan, respectivamente, educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria, bacharelato e/ou formación profesional. Aqueles centros que impartan exclusivamente ciclos formativos de formación profesional de grao medio ou superior poderanse denominar centros de formación profesional.

3. Os centros docentes que impartan dous ou máis niveis educativos dos recollidos no artigo 7 da Lei 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, terán a denominación xenérica correspondente ós citados niveis establecida nos puntos anteriores deste artigo.

Artigo 4. *Condicións de habitabilidade e de seguridade dos centros.*

Os centros docentes deberán reunir-las condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade que se sinalen na lexislación vixente, ademais dos requisitos que se establecen neste real decreto. Os espazos en que se desenvolva a práctica docente terán que ter ventilación e iluminación natural.

Artigo 5. *Condicións arquitectónicas dos centros.*

Os centros docentes deberán dispoñer dunhas condicións arquitectónicas que posibiliten o acceso, a circulación e a comunicación dos alumnos con problemas físicos, de mobilidade ou comunicación, de acordo co disposto na lexislación aplicable en materia de promoción da accesibilidade e da eliminación de barreiras.

Artigo 6. *Regulamentacións técnicas.*

As administracións educativas competentes poderán dictar-las regulamentacións técnicas necesarias para especificar-las condicións arquitectónicas dos centros.

Artigo 7. *Número de postos escolares.*

Para efectos do disposto neste real decreto, entenderase por número de postos escolares o número de alumnos que un centro pode atender simultaneamente, de forma que se garantan as condicións de calidade esixibles para a impartición do ensino.

CAPÍTULO II

Dos centros docentes que impartan educación infantil

Artigo 8. *Unidades dos centros que impartan educación infantil.*

Os centros docentes que impartan educación infantil deberán contar cun mínimo de tres unidades, sen prexuízo do disposto na disposición adicional terceira.

Artigo 9. *Instalacións e condicións materiais dos centros que impartan educación infantil.*

1. Os centros docentes que impartan educación infantil deberán situar en locais de uso exclusivamente

I
educativo, con acceso independente desde o exterior e contar, como mínimo, coas seguintes instalacións e condicións materiais:

a) Unha aula por cada unidade cunha superficie de dous metros cadrados por posto escolar, e que terá, como mínimo, 30 metros cadrados.

b) Un patio de xogos, de uso exclusivo do centro, cunha superficie que, en ningún caso, poderá ser inferior a 150 metros cadrados. No caso de que o centro conte cun número de unidades superior a seis, a superficie do patio de xogos incrementárase en 50 metros cadrados por unidade.

c) Un aseo por aula, que contará coas instalacións adecuadas en función do número de alumnos.

d) Unha sala de usos múltiples de 30 metros cadrados.

e) Aseo para o persoal, separado das unidades e dos servizos dos nenos.

f) Un despacho de dirección, unha secretaría e unha sala de profesores para centros con seis ou máis unidades.

2. Nos centros docentes situados no mesmo edificio ou recinto escolar, o patio de recreo dos centros de educación primaria cobre a existencia do patio de xogos para educación infantil, sempre que se garanta, para os alumnos deste nivel, o uso da dita dependencia en horario independente.

Así mesmo, o despacho de dirección, a secretaría e a sala de profesores dos centros de educación primaria cobren as esixencias destas instalacións en educación infantil.

Artigo 10. *Número de alumnos dos centros que imparten educación infantil.*

1. Os centros docentes que imparten educación infantil terán, como máximo, 25 alumnos por unidade escolar.

2. O número de postos escolares dos centros docentes que imparten educación infantil fixarase nas correspondentes disposicións polas que se autorice a súa apertura e funcionamento, tendo en conta o número máximo de alumnos por unidade escolar que se establece no punto anterior, e as instalacións e as condicións materiais establecidas neste decreto.

3. As administracións educativas determinarán o número máximo de alumnos para as unidades que integren alumnos con necesidades educativas específicas que contarán cos recursos necesarios e adecuados para a atención deste tipo de alumnado.

Artigo 11. *Profesorado dos centros que imparten educación infantil.*

A educación infantil será impartida por mestres coa especialidade correspondente. Os centros docentes que imparten educación infantil deberán contar, como mínimo, cun mestre especialista en educación infantil ou un profesor de educación xeral básica especialista en preescolar, por cada unidade.

CAPÍTULO III

Dos centros docentes que imparten educación primaria

Artigo 12. *Unidades dos centros que imparten educación primaria.*

Os centros docentes que imparten educación primaria deberán ter, como mínimo, unha unidade por cada curso, agás o establecido na disposición adicional terceira.

Artigo 13. *Instalacións e condicións materiais dos centros que imparten educación primaria.*

1. Os centros docentes que imparten educación primaria deberán situar en recintos independentes, destinados exclusivamente a uso escolar e contar, como mínimo, coas seguintes instalacións e condicións materiais:

a) Unha aula por unidade, a superficie da cal será de 1,5 metros cadrados por posto escolar. En ningún caso terán menos de 30 metros cadrados.

b) Dous espazos de 20 metros cadrados por cada seis unidades para desdoblamento de grupos e actividades de apoio e reforzo pedagóxico.

c) Unha sala de usos polivalentes de 100 metros cadrados, que se poderá compartimentar con tabiques movibles, a fin de poder ser usada para as ensinanzas de música e para titorías ou outras actividades.

d) Un patio de recreo de, polo menos, tres metros cadrados por posto escolar e que, como mínimo, terá unha superficie de 44 por 22 metros, susceptible de ser utilizado como pista polideportiva.

e) Unha biblioteca de polo menos 45 metros cadrados, que contribúa a cumprir os obxectivos curriculares do centro e que dispoña de fondos bibliográficos e de dotación de equipamentos informáticos suficientes para axilizar a súa xestión e o fomento da lectura nos alumnos.

f) Un espazo cuberto para educación física e psicomotricidade, que terá unha superficie de 200 metros cadrados. Esta sala incluírá espazos para vestiarios, duchas e almacén.

g) Aseos e servizos hixiénico-sanitarios en número adecuado á capacidade do centro, tanto para alumnos como para profesores.

h) Un despacho de dirección, unha secretaría e unha sala de profesores de tamaño adecuado ó número de postos escolares autorizados.

i) Espazos adecuados para as reunións das asociacións de alumnos e de pais de alumnos, no caso de centros sostidos con fondos públicos.

j) Unha aula de informática de 40 metros cadrados, que favoreza o ensino e a aprendizaxe a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

2. Os centros docentes que imparten educación primaria poderán utilizar a sala de usos polivalentes para as ensinanzas de informática, de non dispoñer de espazo libre para esta actividade.

3. Nos centros autorizados para impartir educación primaria e educación secundaria obrigatoria, situados no mesmo edificio ou recinto escolar, a aula de informática de educación secundaria obrigatoria cobre as esixencias da aula de informática de educación primaria, no caso de centros que teñan menos de 12 unidades.

Artigo 14. *Número de alumnos dos centros que imparten educación primaria.*

1. Os centros docentes que imparten educación primaria terán, como máximo, 25 alumnos por unidade escolar.

2. O número de postos escolares dos centros docentes que imparten educación primaria fixarase nas correspondentes disposicións polas que se autorice a súa apertura e funcionamento, tendo en conta o número máximo de alumnos por unidade escolar que se establece no punto anterior e as instalacións e as condicións materiais establecidas neste decreto.

3. As administracións educativas determinarán o número máximo de alumnos para as unidades que integren a alumnos con necesidades educativas específicas que contarán cos recursos necesarios e adecuados para a atención deste tipo de alumnado.

Artigo 15. Profesorado dos centros que impartan educación primaria.

1. A educación primaria será impartida por mestres.
2. Os centros docentes que impartan educación primaria disporán, como mínimo, dun mestre por cada grupo de alumnos, e garantirán, en todo caso, a existencia dos mestres especialistas previstos no artigo 19 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

CAPÍTULO IV

Dos centros docentes que impartan educación secundaria obrigatoria e bacharelato

Artigo 16. Unidades dos centros que impartan educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

1. Os centros docentes que impartan educación secundaria obrigatoria deberán ter, como mínimo, unha unidade por cada curso dos que compoñen a etapa.
2. Os centros docentes que impartan o bacharelato ofrecerán, polo menos, dúas modalidades das previstas no artigo 35.3 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e disporán de catro unidades, como mínimo.

Artigo 17. Instalacións e condicións materiais dos centros que impartan educación secundaria obrigatoria.

1. Os centros docentes que impartan educación secundaria obrigatoria deberán situar en edificios independentes, destinados exclusivamente a uso escolar e contar, como mínimo, coas seguintes instalacións e condicións materiais:

- a) Unha aula por unidade cunha superficie de 1,5 metros cadrados por posto escolar que, en ningún caso, terá menos de 40 metros cadrados.
 - b) Unha aula taller de 100 metros cadrados por cada 20 unidades ou fracción.
 - c) Tres aulas de 45 metros cadrados cada unha, para actividades de música, informática e plástica por cada 20 unidades ou fracción.
 - d) Un laboratorio de ciencias experimentais de 60 metros cadrados por cada 20 unidades ou fracción que responda ás novas necesidades dos itinerarios establecidos na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.
 - e) Un patio de recreo de, polo menos, tres metros cadrados por posto escolar e que, como mínimo, terá unha superficie de 44 por 22 metros, susceptible de ser utilizado como pista polideportiva.
 - f) Unha biblioteca de 60 metros cadrados, que contribúa a cumprir os obxectivos curriculares do centro e que dispoña de fondos bibliográficos e de dotación de equipamentos informáticos suficientes para axilizar a súa xestión e o fomento da lectura nos alumnos.
 - g) Un ximnasio cunha superficie de 480 metros cadrados e que incluíra vestiarios, duchas e almacén.
 - h) Aseos e servizos hixiénico-sanitarios en número adecuado á capacidade do centro, tanto para alumnos como para profesores.
 - i) Un despacho de dirección, unha secretaría e unha sala de profesores de tamaño adecuado ó número de postos escolares autorizados.
 - j) Despachos adecuados para reunións de asociacións de alumnos e de pais de alumnos, no caso de centros sostidos con fondos públicos.
2. Nos centros con 12 unidades de educación primaria e oito unidades de educación secundaria obriga-

toria, situados no mesmo edificio ou recinto escolar, a aula taller e as aulas de música, de plástica e de informática de educación secundaria obrigatoria cobren a esixencia da aula de usos múltiples ou polivalentes de educación primaria.

Artigo 18. Instalacións dos centros que impartan bacharelato.

1. Os centros docentes que impartan bacharelato deberán situar en edificios independentes, destinados exclusivamente a uso escolar e contar, como mínimo, coas instalacións seguintes:

- a) Unha aula por unidade cunha superficie de 1,5 metros cadrados por posto escolar, que terá, como mínimo, 30 metros cadrados.
- b) Unha aula de informática de 60 metros cadrados por cada 12 unidades ou fracción.
- c) Un ximnasio cunha superficie de 480 metros cadrados, que incluíra vestiarios, duchas e almacén.
- d) Unha biblioteca de 75 metros cadrados, que contribúa a cumprir os obxectivos curriculares do centro e que dispoña de fondos bibliográficos e de dotación de equipamentos informáticos suficientes para axilizar a súa xestión e o fomento da lectura nos alumnos.
- e) Aseos e servizos hixiénico-sanitarios en número adecuado á capacidade do centro, tanto para alumnos como para profesores.
- f) Un patio de recreo de, polo menos, tres metros cadrados por posto escolar e que, como mínimo, terá unha superficie de 44 por 22 metros, susceptible de ser utilizado como pista polideportiva.
- g) Un despacho de dirección, unha secretaría e unha sala de profesores de tamaño adecuado ó número de postos escolares autorizados.
- h) Espacios adecuados para reunións de asociacións de alumnos e pais de alumnos no caso de centros sostidos con fondos públicos.

2. En función das modalidades do bacharelato impartidas, os centros deberán dispoñer, así mesmo, das instalacións seguintes:

- a) Para a modalidade de artes: dúas aulas diferenciadas de 90 metros cadrados cada unha, dotadas cos medios necesarios, incluídos os informáticos, e as instalacións adecuadas ás opcións que establece esta modalidade.
- b) Para a modalidade de ciencias e tecnoloxía:
 - 1.º Tres laboratorios diferenciados de física, química e bioloxía e xeoloxía, cunha superficie de 60 metros cadrados cada un, coas condicións necesarias de seguridade e equipamento, incluído o informático.
 - 2.º Unha aula de debuxo de 90 metros cadrados que permita dispoñer das tecnoloxías da información aplicadas ó deseño.
 - 3.º Unha aula de 120 metros cadrados con medios suficientes para permitirles ós alumnos utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación.

- c) Para a modalidade de humanidades e ciencias sociais: unha aula de 120 metros cadrados para prácticas das diferentes disciplinas. Non obstante, se o centro tiver unha aula destinada ás tecnoloxías da información e a comunicación, o espazo correspondente usaríase para un e outro efecto.

Artigo 19. Centros docentes que impartan distintas ensinanzas no mesmo edificio ou recinto escolar.

1. No caso de centros docentes que impartan educación primaria e educación secundaria obrigatoria situa-

I
dos no mesmo edificio ou recinto escolar, consideraranse instalacións comúns as seguintes:

- a) A biblioteca, que neste suposto non será inferior a 90 metros cadrados.
- b) O ximnasio, cunha superficie de 480 metros cadrados.
- c) O patio de recreo.
- d) Os despachos de dirección, a secretaría e a sala de profesores.

2. No caso de centros docentes que impartan educación secundaria obrigatoria e bacharelato, os centros deberán reuni-las condicións que se especifican nos artigos 17 e 18, coas seguintes excepcións:

- a) O ximnasio, a biblioteca, a aula de informática, o patio de recreo, a secretaría, os despachos e a sala de profesores consideraranse instalacións comúns.
- b) Os laboratorios para bacharelato cobren a esixencia do laboratorio de ciencias experimentais para a educación secundaria obrigatoria.

3. Nos centros docentes que impartan educación secundaria obrigatoria ou bacharelato e formación profesional considéranse instalacións comúns aquelas que se destinen a usos similares en función do tempo de utilización dos espazos respectivos, previstos para cada unha das ensinanzas.

Artigo 20. *Número de alumnos dos centros que imparten educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

1. Os centros docentes que impartan educación secundaria obrigatoria e bacharelato terán, respectivamente, un número máximo de 30 e 35 alumnos por unidade escolar.

2. O número de postos escolares dos centros docentes que impartan educación secundaria obrigatoria e bacharelato fixarase nas correspondentes disposicións polas que se autorice a apertura e funcionamento daqueles, tendo en conta o disposto nos artigos 17 e 18 e o número máximo de alumnos por unidade escolar que se establece no punto anterior.

3. As administracións educativas determinarán o número máximo de alumnos para as unidades que integren alumnos con necesidades educativas específicas que contarán cos recursos necesarios e adecuados para a atención deste tipo de alumnado.

Artigo 21. *Requisitos para impartir docencia en educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

1. Para impartir docencia na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato, serán requisitos indispensables:

- a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou de título declarado equivalente a aqueles para efectos de docencia.

- b) Naquelas disciplinas que se determinen, en virtude da súa especial relación coa formación profesional, estableceranse as equivalencias, para efectos da función docente, de títulos de enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou diplomado universitario.

- c) Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica a que se refire o artigo 58 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, ou equivalente.

2. Os profesores de educación secundaria obrigatoria e bacharelato deberán, así mesmo, acreditar a cualificación específica para impartir as disciplinas respectivas. Para estes efectos, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo de consulta coas comunidades autónomas, determinará a concordancia das titulacións coas distintas disciplinas.

Artigo 22. *Número mínimo de profesores nos centros de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

O número mínimo de profesores nos centros de educación secundaria obrigatoria e bacharelato será o necesario para cubri-lo horario que se estableza nos distintos programas e plans de estudio.

Artigo 23. *Requisitos para impartir los programas de iniciación profesional.*

1. Os programas de iniciación profesional impartiranse nos centros docentes de educación secundaria que as administracións educativas determinen, en función das características, necesidades e intereses dos seus destinatarios, das condicións do contorno cultural, social e laboral e de factores de tipo organizativo.

2. Para os efectos de reuni-los requisitos que se determinen para impartir-los correspondentes módulos profesionais asociados, polo menos, a unha cualificación do Catálogo nacional das cualificacións profesionais, as administracións públicas promoverán a participación doutras institucións e entidades.

3. Para a impartición dos módulos profesionais integrados nos programas de iniciación profesional poderase contratar como profesores especialistas a profesionais cualificados que desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral, atendendo á súa cualificación e ás necesidades do sistema. Nos centros públicos, as administracións educativas poderán establecer con estes profesionais contratos de carácter temporal e en réxime de dereito administrativo. A estes profesores non se lles requirirá estar en posesión do título establecido no artigo 58 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

4. Así mesmo, poderán realizar funcións de apoio outros profesionais coa debida cualificación para tarefas de atención ós alumnos con necesidades educativas específicas.

Artigo 24. *Requisitos dos centros docentes que ofrezan proxectos educativos que reforcen ou amplíen determinados aspectos do currículo.*

Os centros docentes que ofrezan proxectos educativos que reforcen ou amplíen determinados aspectos do currículo referidos ós ámbitos lingüístico, humanístico, científico, tecnolóxico, artístico, deportivo e das tecnoloxías da información e das comunicacións deberán reuni-los requisitos que, para tal efecto, establezan as administracións educativas, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos mínimos establecidos neste real decreto.

CAPÍTULO V

Dos centros docentes que impartan formación profesional

Artigo 25. *Centros que impartan formación profesional.*

A formación profesional de grao medio e grao superior poderá ser impartida en:

- a) Centros docentes en que se imparta a educación secundaria obrigatoria ou o bacharelato. Neste suposto, as ensinanzas de formación profesional organizaranse independentemente das outras ensinanzas, se ben poderán dispoñer de recursos humanos e materiais comúns.

- b) Centros docentes dedicados exclusivamente a impartir formación profesional.

Artigo 26. *Espacios e instalacións dos centros que imparten formación profesional.*

1. Os requisitos mínimos de espacios formativos para a impartición dos ciclos formativos de formación profesional serán os establecidos no artigo 4 deste real decreto e nos artigos 19 e 20 do Real decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo, nos reais decretos que regulen os títulos non recollidos no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, e demais normativa específica que, para tal efecto, o Goberno estableza.

2. Os centros docentes que imparten exclusivamente formación profesional deberán contar, ademais, cos seguintes espacios e instalacións:

- a) Despacho de dirección, de actividades de coordinación e de orientación.
- b) Secretaría.
- c) Biblioteca e sala de profesores adecuadas ó número de postos escolares.
- d) Aseos e servicios hixiénico-sanitarios adecuados ó número de postos escolares.

Artigo 27. *Número de alumnos dos centros que imparten formación profesional.*

1. Os centros docentes que imparten formación profesional terán, como máximo, 30 alumnos por unidade escolar.

2. O número de postos escolares dos centros docentes que imparten formación profesional fixarase nas correspondentes disposicións polas que se autorice a súa apertura e funcionamento, tendo en conta as instalacións e condicións materiais correspondentes.

Artigo 28. *Requisitos para impartir docencia en formación profesional.*

1. Para impartir docencia na formación profesional de grao medio e superior, serán requisitos indispensables:

a) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto ou de título declarado equivalente a aqueles para efectos de docencia. O Goberno poderá establecer para determinadas áreas ou materias a equivalencia, para efectos de docencia, doutras titulacións, sempre que estas garantan os coñecementos adecuados.

b) Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica a que se refire o artigo 58 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, ou equivalente.

2. Para determinados módulos, as administracións educativas competentes poderán autoriza-la súa impartición por profesionais cualificados que desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral, atendendo á súa cualificación e ás necesidades do sistema.

Artigo 29. *Número mínimo de profesores nos centros que imparten formación profesional.*

1. O número mínimo de profesores nos centros que imparten formación profesional será o necesario para cubri-lo horario que se estableza nos distintos programas e plans de estudo.

2. As administracións educativas determinarán o número máximo de alumnos para as unidades que integren alumnos con necesidades educativas específicas, que contarán cos recursos necesarios e adecuados para a atención deste tipo de alumnado.

Disposición adicional primeira. *Centros que imparten ensinanzas para as persoas adultas.*

1. Os centros docentes creados ou autorizados ó amparo do disposto neste real decreto poderán ser autorizados para impartilas correspondentes ensinanzas a persoas adultas, de acordo cos programas que para o efecto se establezan, se diso non resulta menoscabo para as ensinanzas cursadas polos alumnos escolarizados no centro, especialmente en canto ó seu réxime horario.

2. Independentemente do anterior, poderán existir centros específicos de educación de adultos, que se rexerán pola lexislación vixente ó respecto.

Disposición adicional segunda. *Centros de educación especial.*

As administracións educativas competentes adaptarán o disposto neste real decreto ós centros de educación especial ós que se refire o artigo 45 da Lei 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición adicional terceira. *Centros que atendan a poboacións de especiais características.*

1. Os centros docentes que imparten educación infantil ou educación primaria que atendan a poboacións de especiais características sociodemográficas ou escolares quedan exceptuados dos requisitos establecidos nos artigos 8 e 12, en canto ó número de unidades con que deben conta-los centros.

2. De acordo co punto anterior, poderanse crear ou autorizar centros que imparten educación infantil ou primaria cun número de unidades adecuado á poboación que deba cursar estes niveis educativos, tendo en conta o disposto sobre relación máxima profesor/alumnos por unidade escolar. Estas unidades poderán agrupar alumnos de niveis diferentes, ou de cursos diferentes dun mesmo nivel.

3. Nos supostos a que se refire esta disposición, os profesores de apoio ou os profesores especialistas poderán atender varios centros.

4. Para os efectos previstos nesta disposición, as administracións educativas competentes adecuarán os requisitos previstos nos capítulos II e III ás especiais características e dimensións destes centros.

Disposición adicional cuarta. *Centros docentes recoñecidos por acordos internacionais.*

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá adapta-lo disposto neste real decreto ós centros docentes o carácter específico dos cales estea recoñecido por acordos internacionais de carácter bilateral.

Disposición adicional quinta. *Centros situados en edificios de interese histórico-artístico.*

No caso de centros educativos autorizados, situados en edificios considerados de interese histórico-artístico ou situados en núcleos históricos, as administracións educativas poderán flexibiliza-la esixencia de determinados requisitos establecidos nos artigos 13, 17 e 18, especialmente no que se refire ó ximnasio, e poderán utilizar para tales efectos instalacións situadas noutros lugares, sempre que se aseguren, en calquera caso, as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade a que fai referencia o artigo 4, así como a calidade dos servicios educativos que presten.

I
Disposición transitoria primeira. *Solicitudes de autorización de novos centros.*

1. As solicitudes de autorización de novos centros presentadas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto, ou que se encontren en tramitación nese momento, deberán referirse ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

2. Na solicitude, ademais da autorización para as ensinanzas citadas, poderase pedir autorización para impartir, provisionalmente, aquelas ensinanzas do sistema establecido pola Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que non se extinguisen de acordo co Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

3. O centro deberá reunir os requisitos mínimos establecidos neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Centros de educación infantil autorizados como incompletos.*

1. Os centros docentes de educación infantil que teñan autorización definitiva para unha ou dúas unidades, salvo os centros de educación infantil autorizados como incompletos por atender a poboacións de especiais características sociodemográficas ou escolares, deberán completa-lo mínimo de tres unidades de que consta a educación infantil con anterioridade ó inicio do curso 2004/2005.

2. A partir do inicio do curso 2004/2005, os centros a que fai referencia o punto anterior que non obtivesen a preceptiva autorización deixarán de ter a condición de centros autorizados para impartir as ensinanzas de educación infantil comprendidas na Lei 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Á entrada en vigor deste real decreto quedará derogado o Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitarias.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución e no artigo 14 da Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, ten carácter de norma básica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

Correspóndelles ó ministro de Educación, Cultura e Deporte e ós órganos competentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias respectivas, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

22600 REAL DECRETO 1538/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen as especialidades básicas de inspección educativa. («BOE» 295, do 10-12-2003.)

Entre os principios de calidade do sistema educativo enunciados pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, inclúese de modo expreso no seu artigo 1.k), xunto coa avaliación, «a inspección do conxunto do sistema educativo, tanto do seu deseño e da súa organización como dos procesos de ensino e aprendizaxe».

A mesma Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, no capítulo II do seu título VII, regula as funcións e organización da inspección educativa, así como a formación permanente dos inspectores de educación; e na súa disposición adicional décimo primeira establece, no marco da carreira docente, o procedemento de acceso ó corpo de inspectores de educación.

O modelo de inspección educativa que a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, define en canto á súa configuración básica responde á necesidade de especialización. Trátase, en efecto, de asegurar en cada un dos ámbitos territoriais, para os efectos de acceso ó corpo de inspectores de educación e de provisión de postos de traballo mediante concursos de traslados de ámbito nacional, unhas esixencias básicas comúns para todo o Estado, sen prexuízo da organización específica que para os servizos de inspección cada Administración educativa determine no ámbito das súas competencias.

De acordo con todo o cal e segundo o previsto no artigo 106.1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, este real decreto establece, logo de consulta coas comunidades autónomas, as especialidades básicas de inspección educativa, tendo en conta os diferentes niveis educativos e especialidades docentes.

No anexo I establécese o cadro das especialidades básicas de inspección educativa. Prevese así mesmo que, nos casos en que non se dispoña de inspector coa especialidade adecuada, se adoptarán as medidas pertinentes para garantir que a inspección conte co asesoramento especializado preciso.

Esta norma regulamentaria foi obxecto de consulta ás comunidades autónomas, foron oídas as organizacións sindicais de acordo co establecido na Lei 9/1987, do 12 de xuño, modificada pola Lei 7/1990, do 17 de xullo, e sobre ela emitíu informe a Comisión Superior de Persoal. Así mesmo foi sometida a informe do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Funcións e atribucións da inspección educativa.*

1. As funcións da inspección educativa son as que establece o artigo 105.1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

2. Para o correcto exercicio destas funcións os inspectores de educación terán as seguintes atribucións:

a) Coñecer directamente tódalas actividades que se realicen nos centros, ós cales terán libre acceso.